



○ CREBRACABEZAS






O Crebacabezas (“Jigsaw”) é unha das técnicas cooperativas máis coñecidas. Foi ideada por E. Aronson o ano 1978 e foi das primeiras que se experimentaron e estudaron. O Crebacabezas intenta crear unha situación extrema de interdependencia positiva, propiciando as condicións necesarias para que o traballo de cada membro do equipo sobre unha parte dos materiais ou recursos a estudar sexa absolutamente imprescindible para que o resto dos membros poidan completar o estudo (interdependencia positiva de recursos).

Esta técnica é especialmente útil para as áreas de coñecemento nas que os contidos son susceptibles de ser “fragmentados” en diferentes partes (por exemplo: literatura, historia...)




Dividimos a clase en grupos heteroxéneos de 4 ou 5 membros cada un. O material obxecto de estudo divídese en tantas partes como membros ten o equipo, de xeito que cada un dos seus membros recibe un fragmento da información do tema que, no seu conxunto, están a estudar todos os equipos, e non recibe a que se puxo a disposición dos seus compañeiros para preparar o seu propio “subtema”.



Cada membro do equipo prepara a súa parte a partir da información que lle facilita o profesor ou a que el puido buscar.

Despois, cos integrantes dos outros equipos que estudaron o mesmo subtema, forma un “grupo de expertos”, onde intercambian a información, afondan nos conceptos chave, constrúen esquemas e mapas conceptuais, clarifican as dúbidas suscitadas, etc.; poderíamos dicir que chegan a ser expertos da súa sección.



A continuación, cada un deles retorna ao seu equipo de orixe e responsabilízase de explicar ao grupo a parte que el/ela preparou.

Así pois, todos os alumn@s necesítanse uns a outros e vense "obrigados" a cooperar, porque cada un deles dispón só dunha peza do crebacabezas e os seus compañeiros de equipo teñen as outras, imprescindibles para culminar con éxito a tarefa proposta: o dominio global dun tema obxecto de estudo previamente fragmentado.